

Roparz Hemon

A serea



Hai uns anos vivía en Brest, preto da igrexa de Santa María do Carmelo, un vello oficial da Mariña, nunha casa bastante grande chea de cousas que fora traendo de países distantes: armas, cerámicas, pedras, mobles, debuxos, pinturas do Xapón, traxes da Illa de Xava, fusís de España, deuses do Perú, eu que sei.

No seu salón, entre dúas fiestras, había unha figura de madeira esculpida, tirada do castelo de popa dun navío, a imaxe dunha moza cunha cola de peixe, unha serea, como lle chaman. Malia estar moi descolorida, era fermosa esa imaxe, sobre todo o rostro, cuns ollos que se mantiveran verdes e uns cabelos longos nos que quedara algo de ouro.

–Mirade –díxome o oficial un día–, mirade para o peito. Non vedes algo raro aí?

–Vexo buratos –dixen–, coma se os fixesen cun coitelo.

–Claro que son de coitelo. Esta moza asasinárona.

–Como? –dixen.

O oficial tirou dun armario un caderno bastante grosso, coas súas páxinas cubertas dunha escritura fina e porén moi clara.

–Préstovos o caderno –dixo–. Xa mo devolveredes cando o leades.

Pasou o tempo. Como ocorre a miúdo, quedei co caderno máis tempo do que era razoable. O oficial morreu na súa casa cando foi destruída durante a guerra. Non é deshonesto, creo, mesmo sen o seu permiso, imprimir aquí a historia da Serea do *Axenor*.

Brest, 17 de maio, na rada

Adela:

Aínda permanece ante os meus ollos a vosa pobre cariña e vós na fiestra movendo o voso pano cara a min. As vosas bágoas non poderei xa enxugalas, por desgraza, e mentres a carruaxe se afastaba da nosa casa, de vós, da nosa filliña, non tiña na cabeza máis ca un pensamento: cando, si, cando a volverei ver?

Todo isto xa o sabiamos cando casamos o ano pasado. Así é a vida dun mariño. E foi bonito para min permanecer durante un ano preto de vós. Antes fixera dúas viaxes grandes. Unha durou dous anos, outra tres, e non me pareceu que fosen longas. Pero daquela non tiña unha esposa que debese deixar tras de min. Non tiña nin sequera unha amiga, pois para min, Adela, non erades máis ca unha meniña que xogaba nun xardín cos seus irmáns. Vós lembrades o sorprendido que quedei –deixádeme contar... hai trece meses–, cando vin unha fermosa señorita na casa da Señora de Kerlo, que me miraba, sen comprender por que non viña máis rápido a saudala.

Disque esta viaxe non ha ser longa. Só un traxecto ata as illas de Cabo Verde. Aínda así ha durar demasiado tempo para min. Si, agora me dou de conta: o voso pai estaba no certo. Sería, se cadra, o momento de ocupar o seu posto, agora que el xa é vello. Ser médico no campo non está mal. Correr de a cabalo todo o día, con trebóns ou con choiva, polas landas ou pola beira do mar, ata aquela casinha agochada no fondo do val, e volver, ás veces con noite pecha, para atopar unha esposa, para atoparvos a vós. Pero non sería leal. Vexo que todos os médicos navais coma min pasan dez anos ao servizo do rei. Hei facer aínda esta viaxe

e acabouse. Despois serei para todo completamente voso, Adela, e da nosa pequena Madalen.

Chegouvos a miña última carta? Que parvo son, pois non habedes ler estas liñas antes de eu regresar! Quero contarvos aquí cantas cousas sucedan no *Axenor*, e sobre todo cantas cousas sucedan no meu corazón. Velái por que escollín este caderno. Funo mercar á mantenta, antes de montar no bote, nunha tendiña ao fondo da rúa dos Sete Santos. A anciá que estaba alí, na sombra, medio durmida na súa cadeira, levantouse dun salto ao ver un oficial na súa tenda. Máis sorprendida ficou aínda ao oír o que eu pedía. E que pensaría se lle dixese: «Mirade, o voso caderno de dous patacóns xa non é un caderno, senón un espello»?

Un espello ben raro, Adela. Pois, mentres escribo non é só a miña imaxe o que vexo nel, senón tamén a vosa. E creo que, se puxese aquí unha palabra que non fose certa, unha soa palabriña, habíase esvaecer esa imaxe amada. Esteamos tranquilos. Non vos hei intentar ocultar nada, aínda que for penoso para min e mesmo para vós.

Habemos ler este escrito o ano que vén, en voz baixa o un ao outro... Que estou oíndo? Esta noite vai haber unha festa no barco, e debo ir á ponte. Pola miña fiestra, Adela, vexo correr unha nube lixeira cara ao nordés, cara a vós. Rápido, a ela ato o meu amor.

18 de maio, 3 da madrugada

Teño que redactar este texto antes de ir durmir.

Apagadas as luces, acabou o ruído. Apenas oio o último bote afastarse sobre a auga tranquila, levando á costa a xente da vila invitada á festa. Pois había ben de xente! O

noso capitán, o señor Joliev, antes de partir quería facer unha festa como é debido. Para gañar reputación para si e para o seu barco, sen dúbida. E porén, ben reputados son os dous, o barco pola súa elegancia, o seu xefe polo seu amor ao viño e ás mulleres. É xusto dicir, con todo, que é un home intelixente e un bo mariñeiro.

Non estabades alí, Adela. Ben máis valedes vós ca as donas e señoritas ben vestidas, pensan elas, que hai pouco era o único que se daba visto e oído —aínda me zoan nos oídos as súas gargalladas e as súas fútiles conversacións—. E pensar que se debe aínda así escoitar e ser educado! E gustaríavos saber quen eran? Entre os oficiais, só dous están casados, o segundo capitán e o voso servidor. O capitán non ha casar, e os outros son moi novos. Con todo, a esposa do segundo capitán ocupa tanto espazo coma dez; vós sabedes, a señora de Kerluz, esa señora gorda que vimos na casa dos Kergorlan, en Plabenneg, que parecía unha pescantina. Dise que o seu marido prefire estar no mar que na súa fermosa casa. Pasaba o tempo no seu camarote do barco mirando os insectos que reunira durante as súas viaxes, en caixas planas que mandara facer para tal propósito, e o pobre home é feliz co gran mar e o ancho ceo entre el e a súa esposa.

Tamén estaba... pero, por que dar nomes? En resumo, estaban todas as mulleres de Brest que se poden ver en tales festas.

Viñeran nos botes do *Axenor*, tan cargados con elas —de lonxe cría ver potas de leite a ferver— que irían á auga tan facilmente como cae o leite ao lume. E as súas maneiras, Adela, ao subiren polas escadas que lles dispuxeran no costado do barco! Un oficial novo estaba alí para turrar delas, e un mariñeiro para empurralas por detrás en caso necesario.

Ese oficial non era Arzhur. Cousa sorprendente, pensei. Onde se vían mulleres víase tamén a Arzhur, o mozo máis guapo, din, que hai nos barcos do rei. É o neto do marqués de Lezivi, unha persoa que ten moitas posesións en Bro-Wened.

Ao mirar ao meu arredor vin a Arzhur no outro lado do barco. Non estaba só. Había unha moza cabo del. Estaban de costas a min. El sinaláballe algo na ribeira. Eu non coñecía esa moza. De golpe supuxen que era Levenez.

Quizais debía ter falado primeiro de Levenez, posto que a festa se fixera no seu honor.

Sabedes, amiga miña, que o *Axenor* se reformou no porto de Brest nos pasados meses? Reparárono, arranzárono, repintárono de cabo a rabo. Mellor aínda, encargáronlle un mascarón a un coñecido escultor de Naoned, para substituír a vella figura do castelo de popa, que estaba podre e era mediocre. Trouxérona hai catro días, xusto a tempo.

É unha serea. Tanto lle gustou ao capitán cando a viu que logo expresou o seu propósito de facer unha festa para bautizala –escusádeme pola palabra, demasiado cristiá para unha cousa tan pagá! É o xeito de falar dos mariñeiros—. Canto aumentou o seu pracer, con todo, cando lle oíu dicir ao escultor, que viñera ver que non ocorrera mal ningún coa súa obra mestra durante a viaxe, que tomara como modelo para facer a súa imaxe a cabeza dunha moza chamada Levenez, e que esa moza estaba tamén en Brest! A moza foi invitada á festa, como podeades supoñer.

Pensei que o escultor e a súa modelo debían chegar antes ca os demais. Isto planeárao o capitán. Levenez non debía mostrarse ata o momento xusto en que quitasen o lenzo que cubría a figura. Ao que se ía aproximando o primeiro grupo de señoras, vin a Arzhur enviar a moza ao

cuarto de derrota, seguramente para que ela quedase escondida. Tan rápido pasaron que non vin o seu rostro.

Para mirar ben a figura cómpre tomar unha escada, na traseira do barco, sobre a auga. É difícil, Adela, para unhas señoras cos seus ricos vestidos. O carpinteiro xefe, un home moi habelencioso, preparara por orde do capitán un marco cun espello, de xeito que se puidese ver a figura desde o castelo, fermosamente iluminada por todos os lados. Ao que se xuntou a xente alí e que o capitán dixo unhas palabras amables (ás veces o señor Joliev pode ser amable), feita a loanza do escultor, quitaron o lenzo e todos se amorearon ante o espello.

Inmediatamente oíron un ruído ás súas costas, e ve-laí estaba Levenez de pé, baixo unha bóveda pintada, con dous mariñeiros á súa dereita e á súa esquerda portando teas.

Non vos vou dicir que fixo e que pensou a xente. Bastante marabillado estaba eu. Tanto se parecía a moza á figura, ou a figura á moza, que era unha cousa sobrenatural. Sei que peiteara o cabelo dourado a propósito, que arraxara o rostro a propósito; sei que quedaba inmóbil a propósito, cos seus ollos azuis ben abertos a propósito, que estendía os brazos a propósito para facer coma a figura. Sei que se fixera ben a iluminación para lle dar á madeira a aparencia de carne e á carne a aparencia de madeira. Pero resultaba tan extraordinario que xurariades que quen via-des no fondo do espello era a moza en persoa.

Pódovos oír preguntando: e é fermosa Levenez? Si, é fermosa; sería fermosa coma unha deusa; non sendo que as deusas, na nosa fantasía polo menos, deben ter na súa mirada esa serenidade que está alén da vida, alén da morte. No canto diso tiña a mirada demasiado terreal. Comprendédeme ben, non quero dicir que haxa algo baixo ou sucio



nesa mirada. En absoluto. Pero nesa mirada hai angustia, inquietude e mesmo pavor. E o marabilloso é que o escultor fose quen de poñer esa mirada na súa figura. O que lle acae mal é o seu nome, Levenez<sup>1</sup>. Non sei quen é, pero seguro que non foi feliz, nin alguén bo para ir sementando felicidade tras de si.

Todos calaban. O golpe de efecto funcionara. Foi ese Arzhur o que o estragou todo. Ficara na sombra, detrás da moza. De súpeto botouse a rir. Axiña se esvaeceu a sorpresa. Todas as mulleres riron tamén, a esposa do segundo capitán –que vulgar e groseira é esa muller!– máis ruidosamente ca as demais. Puxéronse a aplaudir. E entón oíuse o ruído das voces outra vez. Levenez moveuse, avanzou, o capitán ofrecelle unha copa de viño. Eu xa vira bastante. Afasteime. Gustaríame ir ao meu camarote, se non fose que tiven que me ocupar dunha dama que caera enferma de tan apertada como ía no seu vestido, e ocuparme dun mariñeiro que cortou un dedo. Ata agora non me puider poñer a descansar. Pero non antes de vos escribir, miña ben querida.

18 de maio

Burládesvos de min, Adela. El soñou, dicides, con esta moza! Viuna pasar mentres durmía, bailar ás veces con pés lixeiros sobre o barco, nadar ás veces coa súa cola de peixe entre as ondas, ás veces con ás de anxo xogar entre as nubes.

Non. Lembrades aquel día, pouco antes da nosa voda, cando estabamos os dous sós no vello banco no xardín do voso pai e vos dixen que o mundo dos soños era moi dife-

---

1 *Levenez* significa 'ledicia' en bretón. (Todas as notas son do tradutor.)

rente do mundo da vixilia, e, con todo, tan ligado á nosa vida? Nel non hai máis ca imaxes, sen valor segundo a razón, mais cheas de sentido se sabemos ler nelas correctamente, e as máis das veces non somos quen de facelo.

O que vemos nun soño non é o que queremos ver, menos aínda o que cremos que veremos. Así que eu non soñei con Levenez.

Porén, soñei. Durmín mal, confésovolo. O ruído do barco ao partir –o *Axenor* deixou Brest sobre as cinco da mañá–, os mariñeiros a correr, a izar as velas, as ordes, o asubío, e moito máis a fatiga, se cadra pensar en vós fixeron que espertase varias veces, sempre con imaxes estrañas no meu espírito.

A cadea dos nosos soños é unha segunda vida, unha cadea, digo, pois é a miña firme opinión que os soños dunha noite só son a continuación dos soños da noite anterior, e así desde o día que nacemos –ou antes aínda?–. O home esperto garda recordo do que sucedeu na vixilia. O home durmido garda recordo do que lle sucedeu no sono. Un soño vén, sempre o mesmo, ou máis ben, medio parecido, pois cambia sen cesar. Ese día dixéstemme que viades a miúdo pola noite unha muller de negro, ás veces na fiestra dunha casa, ás veces no fondo dunha capela, ás veces a través das árbores nun bosque, pero sempre co mesmo rostro e o mesmo sorriso. No meu caso, Adela, a miúdo estou indo cara a unha gran cidade que se alza no medio dunha chaira. Coñezo cada un dos seus barrios. Por aquela rúa, seino, vaise a unha igrexa, e na esquina daquela praza hai unha fonte, e por aquela escaleira sóbese ata o castelo. Xamais, con todo, podo entrar nesa cidade. Póño-me a andar e foxe de min.

Esta noite veu ese soño, tan claro que fiquei espantado. Isto non sucedera desde a nosa voda. Non sucedera, creo, máis que durante a miña longa enfermidade aos dezoito anos.

Non hai ninguén nesa cidade. Non hai árbore ningunha. Nada máis que pedras e pedras e pedras. Búscoa e non a atopo. Nela busco unha cousa, e non a atopo. Diríase un desexo descoñecido que xamais será satisfeito. Pero, que desexo? Vós e a miña filliña sodes todo o desexo do meu corazón.

19 de maio

Sabíao. No barco só se fala de Levenez.

–Unha fermosura de moza, señor, unha fermosura de moza máis de vinte veces. Era bastante curioso: ninguén sabe quen é exactamente –díxome o capitán.

Os oficiais novos cren ou finxen crer que é a amante do escultor. O segundo capitán oíulle á súa esposa –pois as mulleres, podedes estar segura, intentaron indagar máis ca os mozos– que era unha señorita do país de Retz, de cabeza un tanto lixeira, que marchara da casa de seus pais para buscar a aventura. Non hai nada fermoso baixo o ceo, Adela, que non sexa luxado rapidamente polo espírito da xente.

Entroume a cólera, estando á mesa, a mediodía.

–Esa moza –dixen– vós mesmos dicides que non a coñecedes. Pois, logo, non a xulgedes.

Isto fixo que todos se botasen a rir. Só un falou coma min. Era Arzhur.

Non hai nada que desagrede máis, miña amiga, que ver alguén que non queredes a vos defender. Se Arzhur falase coma os demais resultaríame algo menos odioso ca oírle facer as miñas loanzas.

–O doutor ten a razón –dixo–. Eu son quen máis falou con Levenez, e pódovos xurar que é unha moza como ten que ser.

Despois disto volveron as risadas.

–Arzhur –dixo un– coñece ben as mulleres, e non pode estar equivocado. Recoñezamos, pois, que é unha moza lista e morra o conto.

–Lista ou non, que máis nos ten? –dixo outro–. A súa imaxe fica connosco para sempre, e iso é o que conta para min.

–Se mirar para unha imaxe é bastante para ti, faino tantas veces como queiras. Para min eu pido máis.

Daquela levanteime. Non é que tivese medo deses mocíños. Estou afeito a oír os seus falares impúdicos e insensatos. Porén, foime penoso, despois de pasar un ano convosco e cos vosos pais, atoparme á mesa con estraños e que me tomasen por un deles. Xamais, Adela, pronunciaré aquí unha palabra sobre vós.

O que é peor, unha hora máis tarde estaba na ponte cando vin que o capitán viña cara a min. Oíra o que sucedera –como sabedes, non come connosco–.

–Doutor –dixo mentres poñía a man no meu ombro–, defendedes as mulleres fermosas... está ben, está ben... precisan ser defendidas.

Cheiraba ao viño. Busquei un pretexto para me afastar.

–Meu amigo –continuou–, entre vós e eu, teñamos coidado. A esa Levenez mellor lle sería quedar en Naoned. A mirada que había nos seus ollos era estrañísima! Peor para o *Axenor*: esa mirada pasou á súa figura. Esas figuras, ben o sabedes, levan a sorte ou a desgraza a un barco. Crede a un mariñeiro vello. Estou moi preocupado, moi preocupado. Non lles permitades aos mozos chancear demasiado, nin pensar demasiado nela. Conto convosco.

E marchou.

Estou preocupado, Adela. *In vino veritas*.